



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

O Pleno deste Concello, en sesión do 10 de novembro do dous mil cinco, aprobou inicialmente o Regulamento do Centro de Información á Muller do Concello de Baiona. Mediante anuncio no B.O.P. nº 14, de 21 de decembro do dous mil cinco, foi exposto ó público por un prazo de 30 días hábiles, sen que durante o mesmo foran presentadas reclamacións, polo que se considera definitivamente aprobada, co artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local. Asimesmo, ós efectos do artigo 196.2 do R.D. 2568/1986, publícase o texto do Regulamento aprobado.

REGULAMENTO DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES DO CONCELLO DE BAIONA (C.I.M.)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 4.2º, que corresponderá aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

A tenor do artigo 2 da Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, constitúese como obxectivo principal de dito organismo autónomo a consecución da igualdade efectiva das mulleres e dos homes, removendo os obstáculos que impidan a participación e a integración da Muller na vida social, cultural, educativa, económica e política de Galicia.

E para efectos do cumprimento do dito obxectivo, a propia Lei de creación describe no seu artigo 3, número 6, como unha das súas funcións específicas, a de promover, coordinar e avaliar plans e programas de acción e o desenvolvemento de actividades que, para a consecución dos obxectivos previstos na presente lei, realicen deputacións e concellos; así mesmo e dentro do punto 7º do citado artigo 3, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller cooperará con todas as entidades que polos seus fins ou actividades contribúan á consecución dos obxectivos previstos na lei.

A maior abundamento, e de conformidade cos números 9º e 12º do citado artigo 3, correspóndelle ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller o labor de incentivar a participación das mulleres na vida política, económica, cultural, educativa e social; así como, e de ser o caso, prestar os necesarios servizos a todas aquelas persoas que dentro do ámbito da citada lei tiveran especial necesidade deles.

A constatación de que a consecución da igualdade nun nivel formal non equivale a unha igualdade no plano material, toda vez que a aplicación de normas iguais a colectivos que adolecen de profundas desigualdades sociais favorece a perpetuación da situación de discriminación, esixe o establecemento de medidas de acción positiva como



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

instrumento idóneo que impida a cronificación da desigualdade por razón de xénero. O propio Tratado de Ámsterdam do 2 de outubro de 1997 expón a obrigatoriedade da aplicación do principio de transversalidade ao establecer no número 2º do artigo 3 que a comunidade se fixará o obxectivo de eliminar en todas as accións que leve a cabo, as desigualdades entre o home e a muller e promover a súa igualdade.

En consonancia con dita privisión legal, a Unión Europea adopta o 7 de xuño de 2000 unha nova Estratexia Marco Comunitaria sobre a igualdade entre homes e mulleres para o período 2001-2005, que se centra fundamentalmente en cinco obxectivos, constituíndose como marco de referencia para a evolución das políticas e ás que deberán referirse tódalas iniciativas comunitarias en materia de igualdade. Ditos obxectivos serán a consecución da igualdade na vida económica, na representación e participación na toma de decisión, na vida social, na vida cívica, e a modificación dos roles establecidos en función do sexo.

Por todo isto, e desde a entrada en vigor da citada lei reguladora do funcionamento do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, o cumprimento das súas funcións e o logro dos obxectivos anteriormente referidos levouse a cabo a través de instrumentos distintos, dentro dos que destacaron de maneira significativa, pola súa especial eficacia, a Rede de Centros de Información ás Mulleres que a Administración Autonómica puxo en marcha en colaboración con distintas Corporacións Locais. Estes Centros de Información ás Mulleres foron concebidos como órganos da administración pública destinados non só á prestación de asesoramento xurídico, psicolóxico ou de orientación laboral ás mulleres que individualmentie así se dirixiran, senón tamén e con especial énfase procurando que o labor así desenvolvido, transcendendo da prestación dun servizo concreto a unha persoa determinada, tivese unha proxección a tódolos sectores da sociedade e cuxa finalidade primordial fose a de servir como instrumento para a consecución do principio de igualdade.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 1º.—OBXECTO.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do Centro de Información á Muller do Concello de Baiona (C.I.M.), de titularidade municipal, establecendo os requisitos que deberá cumprir para o seu recoñecemento e funcionamento, e de conformidade coas específicas funcións que a presente norma lles asigna.

ARTIGO 2º.—CONCEPTO.

Para os efectos do presente regulamento, enténdese por Centro de Información ás Mulleres aquel departamento de carácter permanente destinado a proporcionar asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional, información en materia de recursos e calquera outra información encamiñada á consecución da



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten. Así mesmo, o Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona proporcionará información e asesoramento en materia de igualdade de oportunidades ós grupos de mulleres que de forma colectiva o demanden.

ARTIGO 3º.—PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN.

O desempeño das funcións propias do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona estará inspirado polos seguintes principios:

1. O anonimato da identidade das usuarias, salvo decisión en contrario destas.
2. O respecto á vontade das usuarias na busca das posibles solucións e alternativas ás consultas expostas.
3. A gratuidade de todos os servizos que se houberan de prestar, e todo isto atendendo á vocación de servizo público.
4. O respecto ó principio de confidencialidade por parte do Persoal do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona, que garantirá a privacidade das comunicacións, salvo vontade en contra das usuarias.

ARTIGO 4º.—FUNCIONES.

O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona, dentro do seu ámbito territorial, e na súa área de influencia, desenvolverá as funcións e prestará os servizos que a continuación se relacionan:

1. Información e asesoramento xurídico.
2. Atención psicolóxica.
3. Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial.
4. Difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.
5. Funcionamento como canle de comunicación entre as usuarias e os distintos organismos que tiveran competencias en materia de muller.
6. Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades e, en especial, difundindo as actividades e servizos desenvolvidos polo Concello de Baiona e o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
7. Realización de conferencias, encontros, xornadas, cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade.
8. Atención específica a mulleres vítimas de violencia de xénero, poñendo á súa disposición, facilitando ou informando sobre o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma e no Concello a través da xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que fosen oportunos.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

9. Recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de sexo no ámbito da publicidade e os medios de comunicación e traslado destas ao órgano competente.
10. Recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de sexo en calquera outro ámbito non referido no apartado anterior e traslado destas ao órgano competente.
11. Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres na sociedade civil.
12. Calquera outra actividade que se adecúe ao obxectivo prioritario da consecución da igualdade.

ARTIGO 5º.—ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O presente Regulamento será de aplicación ao Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona.

ARTIGO 6º.—COMPETENCIA.

Correspóndelle ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a acreditación, inscrición e inspección do Centro de Información ás Mulleres, de conformidade coa disposición adicional primeira do Decreto 195/2003, do 20 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

CAPÍTULO II. DOS REQUISITOS QUE REÚNE O CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES DO CONCELLO DE BAIONA.

ARTIGO 7º.—DOS RECURSOS MATERIAS.

1. O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona está situado nunha zona céntrica do núcleo urbano do Concello (Centro de Servizos Sociais, rúa Dolores Agrelo nº 16, 1º andar), ben comunicada e dotada de servizos dentro do municipio.
2. O local dispón de tres despachos para as consultas, en función da necesidade derivada do horario e servizos ofertados ás usuarias. Non obstante o anterior, o asesoramento xurídico e psicolóxico ás mulleres usuarias do Concello de Baiona é dispensado sempre nun despacho independente e que reúne as condicións necesarias para garantir a privacidade das comunicacións, e illado do resto dos servizos que puidieran ser prestados nas dependencias onde radica o centro.
3. Os locais onde se realizan as actividades propias do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona adecúanse ás normas técnicas, sanitarias, de hixiene e de seguridade previstas na lexislación vixente que lles é aplicable. Así mesmo, cumpren coa normativa vixente en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras.



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

4. O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona dispón, para o seu uso exclusivo, de tres ordenadores que reúnen os requirimentos de hardware e software necesarios para a utilización e correcto funcionamento de bases de datos que son e/ou puideran ser remitidos desde o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para os efectos da súa formalización, contando con acceso a Internet e cunha unidade de lectura de CD/DVD-ROM. Así mesmo, o Centro está provisto de fax, fotocopiadora, teléfono e material funxible suficiente para o desenvolvemento das funcións que lles corresponden.

ARTIGO 8º.—DOS REQUISITOS FUNCIONAIS.

1. O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona garantirá os dereitos que legalmente correspondan ás usuarias.

2. O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona permanece aberto de luns a venres, establecendo un horario de atención ao público de 9.00 a 14.00 horas, e os martes pola tarde de 17.00 a 19.00 horas, cumprindo así co mínimo esixido de cinco horas diarias das que polo menos dúas serán en xornada de mañá, reflexado no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento. Os servizos de asesoramento xurídico e atención psicolóxica se ofrecen ás usuarias durante 6 horas semanais.

3. Para os efectos dunha axeitada prestación de servizos, o Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona expón, para coñecemento das usuarias, o horario de atención ao público especificando os días e intervalo horario no que se prestan os servizos de asesoramento xurídico e atención psicolóxica, dando conta deste ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do o Home e a Muller.

4. Para os efectos da súa remisión ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, o Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona deberá realizar un informe mensual das consultas realizadas polas usuarias no dito centro, así como a elaboración dunha memoria de funcionamento anual, que deberá ser remitida con anterioridade ao 31 de decembro do ano de referencia.

5. O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona someterase ás actuacións de comprobación dos requisitos e condicións esixidos para o seu recoñecemento e funcionamento.

6. O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona debe procurar a formación continua do persoal ao seu cargo, co fin do seu correcto funcionamento e a prestación dun servizo de calidade. Para tal efecto, deberá garantir a asistencia do persoal a cantas actuacións de coordinación, cursos de formación, xornadas e



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

seminarios que organice o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

7. Para os efectos do cumprimento da normativa aplicable en materia de incompatibilidades, as profesionais que se ocupen da atención psicolóxica e asesoramento xurídico no Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona non poderán, con respecto ás mulleres usuarias do servizo, realizar actividades profesionais de carácter oneroso.

ARTIGO 9º.—DOS RECURSOS HUMANOS.

1. O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona contará, polo menos, co seguinte persoal cualificado:

- a) Director/a: titulación universitaria superior, preferentemente en humanidades ou en ciencias sociais; así mesmo, deberá acreditar experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades, desenvolvemento comunitario, voluntariado e dinamización social ou de grupos; en todo caso, o seu perfil se axustará ás funcións descritas no número 3.1 do presente artigo. A prestacións de servizos será de xornada completa.
- b) Psicólogo/a: licenciada en Psicoloxía; deberá contar con formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades e experiencia profesional, ambas as dúas acreditadas.
- c) Avogado/a: licenciada en Dereito; deberá contar con formación en temas relacionados co principio de igualdade de oportunidades e experiencia profesional, ambas as dúas acreditadas.
- d) Auxiliar administrativo/a.

2. O traballo que desenvolve cada unha das profesionais que integran o Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona deberá axustarse ao preceptuado no artigo 4º do capítulo primeiro do presente Regulamento, que establece as funcións do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona. Para tal efecto, corresponderalles desenvolver as seguintes funcións:

3.1 DIRECTOR/A:

- a) Será a persoa encargada da organización, control e xestión do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona. Para tal efecto velará polo cumprimento dos dereitos das usuarias; en especial aqueles casos que especificamente se refire o artigo 3º do presente Regulamento.
- b) Atención individualizada ás usuarias mediante asesoramento persoal, telefónico ou por escrito.
- c) Coordinación da atención específica a mulleres vítimas de violencia de xénero, poñendo á súa disposición os recursos existentes no Concello de Baiona e na Comunidade Autónoma a través da xestión urxente dos servizos policiais, sanitarios, xudiciais e sociais que fosen oportunos.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- d) Información sobre recursos disponibles no seu ámbito territorial.
- e) Levará a cabo a organización, xestión e seguimento de conferencias, encontros, xornadas, exposicións ou cursos de especial incidencia na consecución do principio de igualdade.
- f) Información sobre cursos, estudos e xornadas que se programen no seu ámbito territorial, así como as actividades e servizos desenvolvidos polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller.
- g) Divulgación e sensibilización da problemática das mulleres impartindo charlas, conferencias, participando en medios de comunicación, etc.
- h) Organización de exposicións e xestión de programas.
- i) Fomento do asociacionismo e a participación cidadá das mulleres.
- j) Recepción, canalización e tramitación de denuncias en materia de discriminación por razón de sexo no ámbito da publicidade e os medios de comunicación.
- k) Coordinación, do centro de documentación.
- l) Coordinación con outros servizos pertencentes a outras institucións públicas ou privadas.
- m) Elaboración e supervisión de memorias e informes.
- n) Promoción da formación continua en materia de igualdade do persoal dependente do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona.
- o) Coordinación do I Plan de Igualdade Municipal.
- p) Realización de calquera outra actividade que favoreza a consecución do principio de igualdade.

3.2 PSICOLOGO/A :

- a) Atención psicolóxica.
- b) Realización de valoracións e orientacións psicolóxicas.
- c) Intervención individual.
- d) Realización de informes psicolóxicos naqueles supostos nos que foran solicitados por organismos públicos
- e) Realización de prácticas de grupo e talleres de autoestima.
- f) Participación nas actividades do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona.
- g) Colaboración na elaboración de memorias e documentos.

3.3 AVOGADO/A:

- a) Información e asesoramento xurídico.
- b) Participación nas actividades do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona.
- c) Colaboración na elaboración de memorias e documentos.

3.4 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

- a) Recollida de datos de usuarias.
- b) Mantenemento e actualización das bases de datos utilizadas no CIM.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- c) Redacción de documentación e escritos.
- d) Colaboración na elaboración de memorias e informes.
- e) Calquera outra función administrativa necesaria para o funcionamento do CIM.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Única.—No supostos de modificación por parte do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Baiona do horario de atención ás usuarias e prestación de servizos profesionais a que se fai referencia nos números 2 e 3 do artigo 8º, esta deberá comunicalo ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller cun mes de antelación ao comezo do novo horario.